



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Abril 2018

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Abril 2018


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia un aumento do 8,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior, oito puntos máis que no mes de marzo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 7,2%, 3,8 puntos máis que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 9,0% e os Outros servizos o 6,5%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,1%, unha décima menos que en España (2,2%).
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de abril. Galicia é a sétima comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a sétima comunidade co menor incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia un aumento do 8,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 8,0 puntos superior ao do mes de marzo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 7,2%, 3,8 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento da facturación do 9,0%, é o que máis contribúe ao crecemento do índice xeral no mes de abril (6,8 puntos); os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 6,5% e achegan 1,6 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 7,3% e os *Outros servizos* o 7,0%.

O aumento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que crece o 10,9% e achega 5,7 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 19,9%, co que achega 0,8 puntos e o *Comercio ao retallo* achega 0,3 puntos, cun incremento do 1,7%.

A nivel nacional, os maiores incrementos nas actividades comerciais rexístranse no *Comercio por xunto*, 8,6%, e na *Venta e reparación de vehículos de motor*, 15,4%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 6,5%; os sectores que máis contribúen a este crecemento son: o *Transporte*, que incrementa a súa facturación un 9,2%, co que achega 0,8 puntos, e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, que aumentan un 20,6%, e achegan 0,7 puntos. En senso contrario, a *Hostalería* diminúe a súa facturación un 13,5%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 7,0%. Os sectores con maiores crecementos son: o *Transporte* (9,4%), as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (9,7%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (11,2%). A *Hostalería* diminúe a súa facturación, -2,9%.

Nos catro primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta un 4,4% en Galicia e un 6,1% en España.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 5,7% no mes de abril. Este incremento débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 6,3% e achega 3,4 puntos á taxa de variación do índice xeral, e ao *Transporte*, que crece un 16,6% e achega 2,4 puntos. En senso contrario, a *Hostalería* diminúe o 13,7% e resta 3,0 puntos.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 3,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 4,1%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de abril en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores aumentos danse en Aragón (11,0%) e Cantabria (10,4%). As comunidades con menores crecementos son Navarra (2,5%) e Castilla y León (2,9%).

No que vai de ano, as comunidades con maiores incrementos son Cantabria (10,0%), Aragón (8,9%), Madrid (8,3%) e País Vasco (8,0%). Os menores incrementos rexístranse en Castilla y León (2,4%) e Andalucía (3,0%).

Índices de cifra de negocios. Abril 2018


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,1% respecto ao mes de abril de 2017, unha décima menos que en España (2,2%).



O persoal ocupado aumenta un 2,1% no *Comercio* e un 2,0% nos *Outros servizos*. Entre as actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra o maior crecemento (5,3%), co que achega sete décimas á taxa de variación do índice xeral, mentres que na *Venta e reparación de vehículos* diminúe a ocupación (-1,1%).

Nos *Outros servizos*, destaca o incremento do 4,5% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, co que achegan seis décimas a taxa de variación do índice xeral.

En España, en todos os sectores aumenta a ocupación. O maior incremento no persoal ocupado dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,4%).

Nos primeiros catro meses do ano, o persoal ocupado aumenta un 2,0% en Galicia, tres décimas menos que no conxunto do Estado (2,3%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de abril con respecto ao mesmo mes do ano 2017.

Os maiores incrementos danse en Illes Balears (4,1%) e Aragón (3,2%). Extremadura (1,2%) e Castilla y León e País Vasco (ambas as dúas 1,3%) son as comunidades onde menos crece ocupación.

No que vai de ano, os maiores incrementos danse en Illes Balears (3,7%) e Murcia (3,6%), mentres que Extremadura e País Vasco (ambas as dúas 1,7%) rexistran os menores crecementsos.

Índices de persoal ocupado. Abril 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Abril 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	120,9	8,4	4,4
Comercio	123,7	9,0	4,3
Venta e reparación de vehículos de motor	104,4	19,9	8,0
Comercio por xunto	135,5	10,9	4,9
Comercio ao retalho	100,2	1,7	2,5
Outros servizos	112,2	6,5	4,4
Transporte	107,8	9,2	4,4
Hostalería	97,3	-13,5	-1,8
Información e comunicacións	111,0	6,1	1,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	119,7	13,3	7,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	141,0	20,6	12,5
España			
Xeral	113,6	7,2	6,1
Comercio	113,5	7,3	5,9
Venta e reparación de vehículos de motor	127,9	15,4	11,0
Comercio por xunto	117,1	8,6	6,8
Comercio ao retalho	101,8	1,8	2,2
Outros servizos	113,8	7,0	6,4
Transporte	113,5	9,4	5,9
Hostalería	105,7	-2,9	2,1
Información e comunicacións	108,7	6,2	4,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	126,8	9,7	10,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,2	11,2	9,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Abril 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	117,5	5,7	5,0
Comercio	121,8	8,3	4,3
Transporte	127,0	16,6	10,7
Hostalería	98,9	-13,7	-1,2
Información e comunicacións	112,5	6,7	3,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	122,8	15,1	9,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	134,7	22,0	13,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Abril 2018

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	113,6	7,2	6,1
Andalucía	110,3	4,1	3,0
Aragón	109,6	11,0	8,9
Asturias	107,5	7,6	4,3
Balears, Illes	112,2	7,4	6,9
Canarias	112,2	6,6	6,8
Cantabria	114,5	10,4	10,0
Castilla y León	103,2	2,9	2,4
Castilla-La Mancha	113,2	9,7	6,7
Cataluña	111,1	6,6	5,8
Comunitat Valenciana	112,2	5,9	4,3
Extremadura	103,9	5,3	4,7
GALICIA	120,9	8,4	4,4
Madrid	119,4	9,1	8,3
Murcia	112,8	4,7	4,3
Navarra	112,5	2,5	3,5
País Vasco	111,6	9,4	8,0
Rioja, La	118,1	9,2	6,8

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Abril 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	105,4	2,1	2,0
Comercio	105,2	2,1	1,8
Venta e reparación de vehículos de motor	98,6	-1,1	-1,2
Comercio por xunto	113,3	5,3	4,4
Comercio ao retalho	101,8	0,8	0,8
Outros servizos	105,6	2,0	2,2
Transporte	103,0	0,6	0,6
Hostalería	104,3	0,0	0,7
Información e comunicacións	104,3	2,7	1,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	103,5	3,4	3,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	111,5	4,5	4,5
España			
Xeral	106,4	2,2	2,3
Comercio	104,5	1,5	1,6
Venta e reparación de vehículos de motor	105,3	2,6	2,4
Comercio por xunto	107,3	2,4	2,5
Comercio ao retalho	102,5	0,8	0,9
Outros servizos	107,6	2,6	2,8
Transporte	107,2	3,0	2,9
Hostalería	107,7	1,0	1,7
Información e comunicacións	106,3	3,6	3,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	105,3	1,9	1,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,2	4,4	4,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Abril 2018**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	106,4	2,2	2,3
Andalucía	104,7	1,4	1,8
Aragón	107,9	3,2	2,9
Asturias	104,2	2,6	2,4
Baleares, Illes	111,7	4,1	3,7
Canarias	108,4	2,4	2,5
Cantabria	106,9	2,6	3,2
Castilla y León	104,3	1,3	1,8
Castilla-La Mancha	105,1	2,4	2,0
Cataluña	107,4	2,0	2,6
Comunitat Valenciana	105,8	2,1	2,2
Extremadura	103,4	1,2	1,7
GALICIA	105,4	2,1	2,0
Madrid	106,5	2,9	2,5
Murcia	111,9	2,9	3,6
Navarra	106,2	2,5	2,3
País Vasco	103,9	1,3	1,7
Rioja, La	105,3	1,7	2,2

Fonte: INE